

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

RESOLUCIÓN do 1 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se acorda a continuación de determinados procedementos relativos á concesión de subvencións e convenios.

I. Ante a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarouse, mediante Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional, por parte do Goberno de España. A disposición adicional terceira do devandito real decreto, na súa redacción dada polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, refírese á suspensión dos prazos administrativos e sinala a suspensión de termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos de todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Porén, a propia disposición prevé que as entidades do sector público acorden, motivadamente, a continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

II. A Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo, decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e, no oitavo, a interrupción dos prazos de prescripción e caducidade.

III. Pola súa banda, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de abril de 2020 sobre a continuación de procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, establece aspectos relativos á continuación dos procedementos de concesión de subvencións respecto dos cales xa se tivesen aprobado e publicado as correspondentes bases reguladoras e convocatoria, pero non se tivese ditado resolución de concesión no dito momento.

IV. O Consello da Xunta, na súa reunión do 24 de abril, acordou valorar favorablemente a continuación da totalidade dos expedientes de subvencións e convenios da Consellería



de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Igualmente, adoptou un acordo sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, valorando favorablemente a continuación dos expedientes de subvencións, entre outros, as ordes e o convenio que se indican no anexo desta resolución.

En relación coas subvencións xa concedidas no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e respecto das cales non tivese transcorrido o prazo de execución da actuación ou do proxecto subvencionado, o prazo de xustificación ou o prazo de comprobación, aprobouse que o órgano outorgante da subvención poida acordar a continuación dos prazos pendentes.

V. O Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), mediante diversos acordos adoptados o 14 de abril de 2020, publicados no *Diario Oficial de Galicia* do 17 de abril de 2020, mediante Resolución do 16 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considerou que debe ser un obxectivo de todas as administracións públicas planificar, sempre dando prioridade á seguridade e a saúde da poboación, os pasos necesarios para facilitar ás empresas o restablecemento da súa actividade.

Moitas actividades produtivas precisan, para o seu inicio ou continuidade, a tramitación de diversos expedientes administrativos, en principio suspendidos, cuxo fin é a obtención de permisos, autorizacións ou licenzas. E nesa mesma liña, o Cecop acordou a proposta para que as administracións públicas reactiven a tramitación de expedientes administrativos, emisión de informes e concesión de permisos e licenzas, como medio necesario para a reactivación progresiva da actividade económica, facilitando proactivamente a recuperación económica co fin de mitigar o impacto social e económico da crise sanitaria e, polo tanto, de distorcer o mínimo posible a economía.

VI. En atención ao exposto, este centro directivo entende que nos procedementos relativos ás ordes de subvencións e no convenio que se mencionan no anexo desta resolución concorren as citadas circunstancias, que xustifican a adopción dun acordo de levantamento expreso da súa suspensión e a continuación da súa tramitación, ao dispor tamén dos medios persoais e técnicos adecuados para poder seguir desenvolvendo con relativa normalidade as funcións e competencias que deben ser exercidas por esta unidade administrativa, sen ningún menoscabo da finalidade a que se dirixe o citado Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e dos deberes que este impón.



VII. Os procedementos relativos á concesión de subvencións para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico que se mencionan no anexo desta resolución atópanse en fase de xustificación, cuxa presentación documental se produce á medida que se cumpren cada unha das fases que especifica o artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O procedemento MT300A para a concesión de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes atópase na fase de xustificación. O prazo para a execución material das obras será o comprendido entre o 1.12.2019 e o 31.10.2020, e o prazo para a presentación da documentación remata o 15.11.2020.

O convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal, asinado o día 11 de marzo de 2020, indica na súa cláusula terceira que a data límite de presentación da documentación de xustificación do gasto é o día 15 de decembro de cada unha das anualidades deste convenio.

VIII. A competencia para ditar esta resolución corresponde á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no ordinal cuarto da Orde do 25 de outubro de 2019, sobre delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, modificada pola Orde do 7 de abril de 2020 (DOG núm. 210, do 5 de novembro de 2019 e DOG núm. 72, do 15 de abril de 2020).

De acordo co anterior,

RESOLVO:

Continuar cos expedientes de subvencións e convenios e realizar os trámites que procedan para a súa continuidade con respecto ás axudas obxecto das convocatorias que se indican no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de maio de 2020

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
P.S. (Resolución do 30.4.2020)
Eduardo Sobrino Rodríguez
Subdirector xeral de Urbanismo



ANEXO

	Código de procedemento
Orde do 18 de febreiro de 2004 pola que se regula a concesión de axudas a entidades locais para a formulación de planeamento urbanístico (DOG núm. 4, do 12 de marzo)	PR004
Orde do 15 de marzo de 2005 pola que se regula a concesión de axudas a entidades locais para a formulación de planeamento urbanístico (DOG núm. 57, do 23 de marzo)	PR004
Orde do 20 de abril de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico (DOG núm. 79, do 24 de abril)	PR004
Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2008 (DOG núm. 8, do 11 de febreiro de 2008)	PR004
Orde do 2 de marzo de 2010 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2010 (DOG núm. 47, do 10 de marzo)	PR004
Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes, para o ano 2019 (DOG núm. 16, do 23 de xaneiro de 2019)	MT300A
Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal	PR004

